



## INSTRUCCIÓN 15/2020, DA XERENCIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, SOBRE MEDIDAS RELATIVAS AO GOCE DAS VACACIÓNS REGULAMENTARIAS DO ANO 2020 COMO CONSECUCENCIA DO CORONAVIRUS SARS-CoV-2

Mediante a Instrución 4/2020 e sucesivas desta xerencia estanse a dispoñer diversas medidas, de carácter excepcional, dirixidas a garantir a dispoñibilidade de profesionais para facer fronte á carga asistencial derivada do coronavirus SARS-CoV-2.

Entre as citadas medidas recóllese a facultade das direccións das áreas e entidades sanitarias de proceder á denegación, suspensión ou revogación das vacacións, licenzas e permisos regulamentarios do seu persoal; cuxo disfrute efectivo queda en todo caso subordinado á capacidade de resposta ás necesidades asistenciais derivadas da crise sanitaria en cadanseu ámbito (apartado cuarto da Instrución 4/2020). Así, chega a indicarse que as vacacións e licenzas que pola dita causa non puidesen ser disfrutadas no momento inicialmente previsto serán obxecto de goce posterior, mesmo fóra do ano natural.

Pola súa vez o Ministerio de Sanidade, na Orde SND/232/2020, do 15 de marzo (BOE núm. 68, do 15 de marzo) estableceu determinadas medidas especiais en materia de recursos humanos para reforzar o Sistema Nacional de Saúde, reafirmando as competencias das autoridades sanitarias autonómicas para adoptaren actuacións concretas en materia de permisos, licenzas e vacacións dos seus empregados públicos. Varias desas medidas foron desenvolvidas e implantadas de xeito específico no Sistema Público de Saúde de Galicia a través de novas instrucións desta mesma xerencia (nomeadamente, a 7/2020).

Instrución 15/20







Á vista da evolución actual da pandemia resulta procedente, dunha banda, que o persoal cuxos permisos e vacacións ficasen eventualmente en suspenso por mor da crise sanitaria poida gozar deles e, da outra, que se retomen os calendarios e procedementos de común aplicación nos centros no que atinxe ao desfrute das vacacións regulamentarias correspondentes a este ano 2020, máxime, habida conta de que o período ordinario de vacacións na meirande parte deles está xa moi próximo.

Con todo, a programación funcional que se leve a efecto con ese fin nas distintas xerencias deberá ter necesariamente en conta a evolución da crise sanitaria. Neste senso, en diversos informes especializados como o emitido polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias (CCAES) o 25 de abril de 2020, faise fincapé na necesidade de dispoñer dos recursos humanos e materiais suficientes para dar a axeitada resposta asistencial ante os posibles abrochos e novas ondas epidémicas que se agardan no último trimestre do ano, de xeito que o esforzo sanitario realizado ata agora se consolide e se garanta así mesmo, cara ao dito trimestre, a posibilidade de despregar recursos adicionais operativos nun breve espazo de tempo.

Na mesma liña apunta o apartado sétimo da Orde SND/387/2020, do 3 de maio, que require das comunidades autónomas que garantan a suficiente dispoñibilidade de profesionais sanitarios, recomendando un número non inferior ao existente na entrada en vigor do Real decreto 476/2020, do 27 de marzo, e instando á súa reorganización de acordo coas prioridades desta fase de transición, de xeito que as estruturas sanitarias estean dotadas dos recursos necesarios en cada momento.

Instrución 15/20



Así pois e coa finalidade de garantir uns criterios minimamente homoxéneos de asignación das vacacións en todos os centros, en función das circunstancias actuais derivadas da crise sanitaria, emítese a seguinte

## INSTRUCCIÓN

### **Primeira. Obxecto e ámbito de aplicación**

A presente instrución será de aplicación a todas as categorías de persoal estatutario, funcionario e laboral das áreas sanitarias do Sistema Público de Saúde de Galicia, tomando como referencia de xeito particular o disposto no Acordo de Concertación Social do ano 2001 (publicado no *Diario Oficial de Galicia* o 19 de marzo dese ano), coas soas especificacións e criterios que se conteñen nos apartados seguintes.

### **Segunda. Criterios particulares para garantir a dispoñibilidade de profesionais durante os períodos de vacacións**

- Ante a eventualidade dos posibles abrochos e novas ondas epidémicas do coronavirus SARS-CoV-2 no último trimestre do ano, o persoal gozará da totalidade das súas vacacións ou, cando menos, da meirande parte delas, no denominado período ordinario; isto é, entre os meses de xuño e setembro de 2020 (ou de xullo a setembro, naqueles centros, servizos e unidades nos que a cobertura asistencial permita cinguir este período ao devandito tramo).

De xeito que o disfrute efectivo de vacacións fóra dese período ordinario resultará excepcional e supeditado, en todo momento, á evolución da pandemia; de xeito particular para aqueles colectivos máis directamente vinculados coa asistencia daquela.

Instrución 15/20





- Sen prexuízo do anterior e coa finalidade de garantir a permanencia no servizo dun número suficiente de persoal coa imprescindible experiencia, con carácter xeral, non poderá ausentarse por vacacións ao mesmo tempo máis dun terzo (33%) do persoal estable de cada especialidade ou categoría profesional do respectivo servizo ou unidade de atención hospitalaria, atención primaria ou PAC (ou agrupación de PACs, se for o caso); ou ben outra porcentaxe diferente que garanta a plena capacidade funcional do servizo/unidade.
- Naquelas categorías e especialidades que representen maiores dificultades de cobertura de substitucións, tratarase de favorecer a asignación de bloques de vacacións completos, ou o máis amplos posible, aos aspirantes das listas de selección temporal. Cabe establecer así, a título de exemplo, que un cuarto do persoal estable aproveite as súas vacacións en cada mes do período ordinario de xuño a setembro.
- Os días de vacacións pendentes, de ser o caso, distribuiranse no resto do ano (último trimestre) de acordo con criterios de rotación e proporcionalidade, co fin de garantir en todo momento a continuidade asistencial e sen prexuízo do disposto no apartado cuarto da Instrución 4/2020 desta xerencia.
- Os anteriores criterios son orientativos, susceptibles de modificarse de xeito motivado (nomeadamente naquelas unidades e colectivos con maior déficit de persoal) e compatibles cos que, de ser o caso, se teñan aprobado coa mesma finalidade de asegurar a dispoñibilidade de efectivos durante a pandemia no ámbito de cadansúa xerencia, logo do seu tratamento coa representación unitaria do persoal. Uns e outros deberán coonestarse coas garantías e prelacións legalmente establecidas en atención ás circunstancias subxectivas de determinados profesionais.

Instrución 15/20





- Nos supostos nos que por mor da actual crise sanitaria non fosen aínda aprobados, ou quedasen sen efecto, os calendarios anuais de vacacións de cada xerencia, os prazos de tramitación das vacacións deberán axustarse de maneira que tanto os ditos calendarios como as resolucións que procedan sexan aprobados e emitidas, respectivamente, ao longo deste mes de maio.

### **Terceira. Criterio específico respecto ao período de Nadal**

Na medida na que a evolución da pandemia e a dispoñibilidade de profesionais o permita, poderase negociar e establecer a reserva dun período do mes de decembro (e de xaneiro, de ser o caso) para que o persoal poida gozar de días de libre disposición, así como de días soltos de vacacións pendentes de desfrutar, correspondentes ao ano 2020. En cuxo caso estableceranse quendas rotatorias, ou calquera outro mecanismo alternativo, co fin de procurar un reparto equitativo e equilibrado deses días entre o persoal das unidades.

### **Cuarta. Vixencia destes criterios**

As especificacións e criterios contidos nesta instrución, relativos ás vacacións regulamentarias correspondentes ao ano 2020, aplicaranse durante todo este ano en tanto en canto persista a actual e excepcional situación de crise sanitaria.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2020  
O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo



Instrución 15/20

